



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Maio 2023

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2023


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Maio 2023

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes creceu en Galicia en maio de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior un 5,2%, menos que no conxunto de España, 6,6%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 4,2% e no Resto de produtos un 11,5%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 6,9% en Galicia no mes de maio de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 8,8%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,9% en Galicia e do 1,6% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en trece comunidades autónomas.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Maio 2023

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes



	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	106,2	5,2	3,5
Xeral sen estacións de servizo	106,8	7,1	3,9
Alimentación	95,3	4,2	-1,3
Resto	118,2	11,5	10,2

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 5,2% en Galicia en maio de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior e un 6,6% no conxunto de España.


O índice xeral sen estacións de servizo medra un 7,1% en Galicia e un 8,3% en España respecto a maio de 2022. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta a facturación en Galicia un 4,2%, unha décima menos que no conxunto de España (4,3%).
- O Resto de produtos crece un 11,5% en Galicia e un 14,1% no conxunto do Estado.

Nos cinco primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 3,5% en Galicia e un 6,6% en España. Diminúen as vendas en Alimentación, -1,3% en Galicia e mantéñense en España (0,0%); no Resto de produtos aumentan un 10,2% en Galicia e 15,8% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 2,5%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (15,2%) e Madrid (10,1%). Os menores crecementos rexístranse en Castilla y León (0,3%) e Murcia (1,6%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Maio 2023

Taxas de variación en %




No que vai do ano, as taxas máis altas rexístranse en Illes Balears (12,6%), Madrid (9,5%) e Canarias (9,4%). As comunidades con menores crecementos son Castilla y León (2,0%) e Navarra (2,3%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 6,9% en Galicia no mes de maio de 2023, e un 8,8% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 10,8% en Galicia e do 12,5% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un

15,8% e no Resto de produtos un 7,2%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 16,4% das vendas en Alimentación e do 9,5% no Resto de produtos.



No acumulado do ano, o índice xeral aumenta un 7,9% en Galicia e un 11,1% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 12,5% en Galicia e un 13,9% en España. No Resto de produtos aumenta a facturación un 7,2% en Galicia e un 12,1% en España.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,9% no mes de maio en Galicia e do 1,6% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,3% en Galicia e un 1,5% en España.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en maio en trece comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (5,7%) e Canarias (3,7%). A comunidade onde máis diminúe o persoal ocupado é Asturias (-1,4%).

Nos cinco primeiros meses do ano, a ocupación aumenta en quince comunidades autónomas. Illes Balears (5,0%) e Canarias (4,1%) presentan os maiores incrementos. O persoal ocupado diminúe en Asturias (-2,4%) e Murcia (-0,1%).

Índice xeral de ocupación. Maio 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Maio 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	129,2	6,9	7,9	106,2	5,2	3,5
Xeral sen estacións de servizo	130,1	10,8	9,5	106,8	7,1	3,9
Alimentación	127,6	15,8	12,5	95,3	4,2	-1,3
Resto	131,2	7,2	7,2	118,2	11,5	10,2
España						
Xeral	134,6	8,8	11,1	110,7	6,6	6,6
Xeral sen estacións de servizo	134,4	12,5	12,9	110,9	8,3	7,2
Alimentación	138,6	16,4	13,9	103,5	4,3	0,0
Resto	131,1	9,5	12,1	119,6	14,1	15,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Maio 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	131,7	4,5	7,5	109,7	2,5	3,2
Xeral sen estacións de servizo	133,1	8,1	9,3	110,2	4,1	3,5
Alimentación	129,9	13,4	12,6	97,2	2,1	-1,2
Resto	135,1	4,9	6,8	122,8	7,5	9,2
España						
Xeral	135,2	9,2	11,1	111,1	6,0	6,3
Xeral sen estacións de servizo	134,7	11,8	12,7	112,2	7,6	6,9
Alimentación	138,3	14,3	13,5	103,0	3,2	0,1
Resto	131,0	9,3	11,6	119,1	12,8	14,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Maio 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	134,6	8,8	11,1	110,7	6,6	6,6
Andalucía	131,4	9,1	10,7	108,4	6,5	5,9
Aragón	124,1	4,7	7,5	102,2	3,5	3,9
Asturias	118,4	7,3	9,2	98,2	5,6	4,5
Balears, Illes	165,8	17,9	17,0	137,2	15,2	12,6
Canarias	124,5	12,4	15,8	102,0	7,3	9,4
Cantabria	124,4	6,9	9,2	101,4	3,9	4,4
Castilla y León	119,3	2,2	6,3	96,5	0,3	2,0
Castilla-La Mancha	129,2	6,2	9,6	104,2	4,5	5,0
Cataluña	127,0	9,7	11,1	103,7	7,6	6,9
Comunitat Valenciana	135,8	7,9	11,6	113,2	6,1	7,8
Extremadura	118,4	5,3	9,9	97,5	2,6	5,0
GALICIA	129,2	6,9	7,9	106,2	5,2	3,5
Madrid	164,5	11,9	13,9	136,8	10,1	9,5
Murcia, Región de	125,2	3,9	8,1	103,5	1,6	3,0
Navarra	128,1	4,3	7,0	103,9	1,9	2,3
País Vasco	128,2	7,0	8,6	104,8	4,4	4,2
Rioja, La	131,5	6,4	9,6	108,2	5,0	5,6
Ceuta	96,6	9,9	12,4	79,4	5,9	6,0
Melilla	88,7	8,1	7,7	71,6	3,9	1,5

Fonte:NE

Cadro 4. Índices de ocupación. Maio 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	105,9	0,9	1,3
Xeral sen estacións de servizo	105,5	0,9	1,2
España			
Xeral	106,0	1,6	1,5
Xeral sen estacións de servizo	105,9	1,6	1,5

Fonte:NE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Maio 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,0	1,6	1,5
Andalucía	103,0	1,4	1,3
Aragón	105,7	1,4	0,5
Asturias	101,1	-1,4	-2,4
Baleares, Illes	119,5	5,7	5,0
Canarias	107,0	3,7	4,1
Cantabria	103,3	1,3	0,2
Castilla y León	105,9	1,0	0,8
Castilla-La Mancha	104,7	1,5	2,0
Cataluña	104,5	1,3	1,5
Comunitat Valenciana	113,0	3,6	2,6
Extremadura	106,1	2,1	3,2
GALICIA	105,9	0,9	1,3
Madrid	105,6	0,8	0,6
Murcia	102,5	-0,1	-0,1
Navarra	102,6	-0,2	0,4
País Vasco	106,8	1,7	2,2
Rioja, La	105,2	-0,1	0,9
Ceuta	98,5	-0,8	-1,3
Melilla	101,1	1,0	1,2

Fonte: INE